

LISTAS DE CONTRATACIÓN PRÓRROGA NAS DATAS DE INSCRICIÓN E DE VALORACIÓN DE MÉRITOS

Tras comprobar que había especialidades sanitarias que remataban o seu periodo formativo **con posterioridade ó 30 de xuño**, CC00 tiña solicitado **prorrogar a data de valoración de requisitos e méritos** para a actualización das **listas de contratación** que teñen como requisito posuír unha especialidade sanitaria:

- **Licenciados/as sanitarios/as de Atención Hospitalaria**
- **Enfermeiros/as Especialistas**
- **Médicos/as de Familia**
- **Pediatras de Atención Primaria**
- **Médico/a asistencial e coordinador do 061**

Onte, 9 de xuño, acórdase na Comisión Central de Seguimento do Pacto de Contratacións, que nestas categorías e especialidades teranse en conta todas as **inscricións rexistradas ata o 31 de outubro do 2026** e valoraranse todos os **méritos causados ata o 15 de outubro do 2026**.

Para máis información, acode á túa delegada sindical de CC00